



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 17 DE DECEMBRO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: reforma da intersección do punto quilométrico 6+000 da AC-840 en Oza – Cesuras, de clave: AC/18/137.06, no Concello de Oza- Cesuras (A Coruña).
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: itinerario peonil e ciclista na AC-840. Porzomillos - Oza dos Ríos. Puntos quilométricos 5+444 - 6+729, de clave: AC/18/162.06, no Concello de Oza- Cesuras (A Coruña).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Decreto polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gastos plurianuais derivados da Resolución pola que se convocan para o ano 2021, con financiamento plurianual, as subvencións do Programa do bono de alugueiro social.
- Acordo polo que se autoriza a aprobación da resolución de concesión directa da axuda complementaria á do programa do bono de alugueiro social.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Sada para a mellora do funcionamento hidráulico do río Maior, no núcleo urbano de Sada, cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo europeo de



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

desenvolvemento rexional (FEDER) nun 80%, no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, por importe dun millón cincocentos setenta e cinco mil euros (1.575.000 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e a Fundación Rede de Innovación Arousa (RIA) para o impulso de actuacións de mellora da mobilidade e da integración de infraestruturas viarias en asentamento de poboación na rexión percorrida pola estrada AC-305 por importe total de douscentos doce mil noventa euros (212.090 €). Tramitación anticipada.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de encomenda de xestión entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre – Real Casa da Moeda, para a fabricación e entrega de tarxetas de tacógrafo dixital e tarxetas de cualificación de condutores.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e Renfe Viajeros Sociedad Mercantil Estatal, S.A., polo que se instrumenta a integración desta empresa na área de transporte metropolitano de Ferrol.

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade, a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción e se convocan para o ano 2021, por un importe total de trescentos mil euros (300.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade, a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño e se autoriza o compromiso plurianual de gastos, de acordo co establecido no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia previstos na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, e se



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

convocan para o ano 2021 e 2022, por un importe total de seiscentos trinta e catro mil euros (634.000 €).

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade, a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no proxecto de Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se convoca para o ano 2021 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, por importe de cinco millóns cincuenta mil euros (5.050.000 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para a realización de programas de atención e protección da saúde, por un importe de tres millóns novecentos setenta e nove mil setecentos noventa e nove euros con noventa e dous céntimos (3.979.799,92 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de implantes cocleares para a súa implantación a pacientes con sordeira neurosensorial profunda bilateral, por un importe total de dous millóns novecentos noventa e nove mil setecentos euros (2.999.700 €) e un valor estimado de oito millóns cento oitenta e un mil euros (8.181.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre o Ministerio de Ciencia e Innovación (MCIN) e o Servizo Galego de Saúde para o proxecto Sanidade Servizo de Microbioloxía 4.0 SAÚDE 4.0: microbioloxía, cofinanciado con fondos Feder a través do programa operativo FEDER Plurirexional de España (POPE) 2014-2020, por importe de cinco millóns setecentos mil euros (5.700.000 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a encarga a Tecnologías y Servicios Agrarios SA, SME, MP (TRAGSATEC), para a realización dos Programas de Sanidade e Producción Animal en Galicia durante o ano 2021, por un importe total de sete millóns seiscentos oitenta e oito mil novecentos oitenta e tres euros con once céntimos (7.688.983,11€).



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) da Consellería de Medio Rural para a exención da achega de garantías aos beneficiarios de pagamentos á conta, nas subvencións a grupos de produtores para a realización de actividades de información e promoción de produtos agroalimentarios galegos no mercado interior, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural para Galicia 2014-2020, segundo o disposto no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural a eximir aos beneficiarios da obriga de constituír garantías nos anticipos que poidan recibir con cargo á orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás entidades recoñecidas como Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeiras (ADSG) de Galicia e se convocan para o ano 2021-2022, cando o seu importe sexa superior aos dezoito mil euros (18.000 €), para a realización de pagamentos anticipados en contía superior á que resulta da aplicación do artigo 63.1.un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e a adquirir compromisos de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Importe total dous millóns cento cincuenta mil euros (2.150.000€).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe sobre a contratación dunha póliza de seguros de asistencia sanitaria, repatriación e indemnización por prolongación de estadia que inclúa cobertura covid-19 por parte da Axencia de Turismo de Galicia.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre os proxectos seleccionados polo Comité de Fabricación da Xunta de Galicia para que pemes galegas desenvolvan equipamento sanitario e material de protección para os traballadores.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Plan de vacinación do virus SARS-COV-2.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA REORDENAR UNHA INTERSECCIÓN E EXECUTAR UNHA SENDA ENTRE OS NÚCLEOS DE PORZOMILLOS E OZA NA ESTRADA AC-840 EN OZA-CESURAS

- *As dúas intervencións suporán un investimento de máis de 482.000 euros e permitirán un movemento seguro dos usuarios máis vulnerables da estrada e a mellora da seguridade viaria na contorna*
- *Construirase un itinerario peonil e ciclista na marxe dereita da estrada AC-840, cara a Oza, de preto de 1,4 quilómetros de lonxitude*
- *Intervirase na intersección que conecta esta estrada autonómica cos núcleos de Carraceda, A Picha, O Corvo e A Fonte da Viña*
- *Actuarase no punto intermedio do itinerario da senda, para o que se executarán novos carrís de aceleración e deceleración, así como dous carrís centrais de espera que permiten os xiros á esquerda*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá á convocatoria do levantamento de actas previas e á licitación destas dúas actuacións no 1º trimestre de 2021, co obxectivo de acometer as obras de xeito coordinado e simultáneo*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para executar unha senda entre os núcleos de Porzomillos e Oza e para mellorar a seguridade viaria nunha intersección no mesmo ámbito da estrada autonómica AC-840, no concello de Oza-Cesuras.

O orzamento estimado polo Goberno galego para executar estas dúas actuacións supera os 482.000 euros no que se inclúe o pagamento das expropiacións necesarias para executar ambas as dúas actuacións.

Senda peonil e ciclista

Por unha parte, construírse unha senda peonil e ciclista na marxe dereita da AC-840, cara á Oza, entre os puntos quilométricos 5+444 e 6+826,50, coincidindo o seu inicio co núcleo rural de Porzomillos e finalizando antes do núcleo urbano de Oza dos Ríos.

Con esta actuación, que conta cun investimento de preto de 292.000 euros, mellorarase as actuais prestacións da estrada, permitindo un movemento seguro dos usuarios máis vulnerables.

Segundo o proxecto do departamento de Infraestruturas da Xunta, o novo itinerario, de preto de 1,4 quilómetros, construírse aproveitando parte da beiravía existente, coincidindo na súa maior parte coa planta e rasante da estrada, pero separada desta por unha gabiá de seguridade. Na zona onde non leve gabiá, a senda elevarase 10

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

centímetros con respecto á plataforma rodada e separarase desta por un bordo de formigón.

Nas interseccións da senda con outras vías rematarase, tanto ao inicio como ao final, con 1 metro de baldosa podotáctil.

A construción desta senda leva implícita a disposición dos dispositivos necesarios para a recollida e evacuación das augas superficiais, o recuamento dos postes de telecomunicacións e a recolocación dos sinais existentes.

Reordenación da intersección da AC-840

En canto á outra intervención proxectada de mellora da seguridade, a actuación céntrase na reforma da intersección AC-840, no punto quilométrico 6+000, que suporá un investimento de máis de 191.000

Trátase da reordenación da intersección, que conecta esta estrada autonómica coa vía que comunica cos núcleos de Carraceda, A Picha, O Corvo e A Fonte da Viña, e o seu obxectivo é mellorar a seguridade viaria neste punto.


Esta intersección sitúase nun punto intermedio do itinerario da senda, e nesta prevese actuar coa disposición de novos carrís de aceleración e deceleración, de 3,50 metros de ancho, así como dous carrís centrais de espera de 3 metros de largo que permiten todos os xiros á esquerda. Para a execución destes carrís, é necesaria a ampliación da calzada existente, algo que afecta a senda proxecta nesta zona e polo cal foi necesario coordinar a redacción dos dous proxectos.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá á convocatoria do levantamento de actas previas e á licitación das dúas actuacións no primeiro trimestre de 2021. O obxectivo é acometer de xeito coordinado e simultáneo ambas as dúas actuacións.

Mapa de situación e percorrido da senda prevista na AC- 840:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta



Planta xeral da reforma da intersección AC-840:





INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta



A XUNTA APROBA O DECRETO DO CONCERTO SOCIAL PARA FLEXIBILIZAR E AXILIZAR A CREACIÓN DE PRAZAS PÚBLICAS DE ATENCIÓN

- *Crearase unha bolsa de entidades de iniciativa social para que existan prazas alí onde as persoas destinatarias as precisan*

O Consello da Xunta aprobou o Decreto que regula o concerto social, mediante o que se mellorará o procedemento para poñer á disposición das familias galegas prazas públicas de atención. Trátase dun avance normativo moi demandando polas entidades sociais, especialmente as que traballan con persoas con discapacidade, xa que establece un modelo máis flexible e áxil e posibilita que se concerten as prazas alí onde a persoa usuaria as necesite.

Na actualidade, cando a Xunta quere incrementar o número de prazas públicas neste ámbito, estas contrátanse mediante un procedemento ao que as entidades e empresas que están en condicións de prestar este servizo público deben presentar as súas propostas para que as avalíen os técnicos da Administración autonómica en función de criterios obxectivos. Mediante o concerto social, créase unha bolsa de entidades que están en condicións de ofrecer prazas a partir duns criterios preestablecidos.

Establécense dúas formas complementarias de acceder a esta bolsa: un procedemento anual para que as entidades presenten as súas solicitudes; e os concertos de adhesión, a modalidade máis innovadora, que permite que as entidades se poidan inscribir en calquera momento e que as prazas se concerten cando e con quen sexa preciso, en función duns criterios obxectivos. Isto é semellante a un acordo marco.

Prioritario no ámbito da discapacidade

O concerto social aplicarase de xeito prioritario no ámbito da discapacidade, pero tamén se implantará noutros ámbitos nos que as entidades de iniciativa social son predominantes, como a atención a menores ou a inclusión social. As principais vantaxes que ofrece o concerto social son que se dá prioridade na contratación ás entidades sociais; flexibilízase a creación de prazas públicas alí onde son máis necesarias e tendo en conta as preferencias das familias; e axilízase a oferta de servizos para as persoas que os precisan con urxencia.

Este texto apróbase definitivamente tras o seu paso polo Consello Consultivo de Galicia, que propuxo unha serie de suxestións técnicas de mellora que foron atendidas na súa totalidade. Nun prazo máximo de 18 meses tras a entrada en vigor deste decreto, Galicia realizará as primeiras convocatorias de servizos en réxime de concerto social.

A XUNTA ASUMIRÁ DURANTE TODO O ANO 2021 O PAGAMENTO DO 100% DA RENDA DAS FAMILIAS BENEFICIARIAS DO BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL

- *O Goberno galego acorda manter esta medida extraordinaria, posta en marcha en maio deste ano en resposta á situación de vulnerabilidade causada pola Covid-19*
- *Estímase que ao longo do vindeiro exercicio se concederán axudas complementarias ao bono alugueiro por importe de 1,4 millóns e grazas a elas preto de 800 familias con escasos recursos poderán conservar a súa vivenda habitual*
- *A nova convocatoria do Bono de Alugueiro Social sairá publicada nas próximas semanas cun orzamento de 1,5 millóns que se repartirá nas próximas cinco anualidades*
- *Desde a posta en marcha deste programa autonómico en 2015, máis de 1.100 unidades familiares recibiron apoio económico da Xunta para pagar o seu alugueiro*

O Goberno galego seguirá asumindo durante todo o ano que vén o 100% do custo do arrendamento daquelas familias que pola súa situación de especial vulnerabilidade ou por falta de recursos económicos estean percibindo o chamado Bono de Alugueiro Social. Así o acordou esta mañá o Consello da Xunta, que autorizou a concesión directa dunha axuda complementaria ao bono entre os meses de xaneiro e decembro de 2021, co fin de garantir que as unidades de convivencia máis vulnerables de Galicia poidan manter a súa vivenda habitual e non teñan que asumir parte do pagamento do seu alugueiro.

Deste xeito e ante a previsible evolución da situación o próximo ano, a Xunta tomou a decisión de manter unha das medidas extraordinarias de carácter social que adoptou no seu día para responder á situación provocada pola crise da Covid-19, especialmente, entre os colectivos sociais máis vulnerables.

Así, cómpre lembrar que o pasado mes de maio a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda puxo en marcha unha nova axuda complementaria á do chamado Bono de Alugueiro Social, un programa autonómico que naceu no ano 2015 co obxectivo de subvencionar unha parte do arrendamento a unidades de convivencia con recursos limitados e que, por tanto, necesitan axuda para poder pagar e conservar as súas vivendas.

Grazas a esta subvención de carácter complementario, durante o período comprendido entre xuño e decembro de 2020 un total de 512 familias non tiveron que aboar nada en concepto de alugueiro, xa que a Xunta asumiu o 100% do importe das súas rendas. Así, as axudas extraordinarias concedidas neste período ascenderon a un total de 550.984.99 euros, contía que se sumou aos importes que xa se aboaban a través do Bono Alugueiro.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O ano que vén, ademais de manter a medida nas mesmas condicións, a previsión é que a cifra de beneficiarios sexa maior. Así, estímase que tendo en conta o número actual de perceptores do Bono de Alugueiro Social e as novas altas que se calcula que se poderán tramitar ao longo de todo o 2021, preto de 800 familias en situación de vulnerabilidade cumpriran os requisitos para recibir esta axuda complementaria entre os meses de xaneiro e decembro, unha medida cun custo total estimado de 1,4 millóns de euros. En canto ao procedemento de concesión das subvencións, iniciarase de oficio e a tramitación correrá a cargo da Área Provincial do IGVS onde estea localizada a vivenda.

Así mesmo, o Consello tamén autorizou os compromisos de gasto plurianuais derivados da convocatoria do Bono de Alugueiro Social en 2021. Esta nova orde de axudas, que lle dá continuidade ás que se veñen realizando desde 2015, convocarase nas próximas semanas e estará dotada con 1,5 millóns para o período 2021-2025, a razón de 300.000 euros por ano.

Con estes fondos, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda subvencionará o pagamento do alugueiro de familias con recursos económicos limitados durante un período máximo de 12 meses, aínda que se poderá prorrogar por dos anos máis, logo de petición.

Concretamente, os bonos terán unha contía de 225, 200 ou 175 euros ao mes, segundo a localidade na que estea localizada a vivenda. Así, nas sete cidades a renda mensual máxima non poderá superar os 450 euros de alugueiro, en concellos de tamaño medio o importe límite será de 400 euros mensuais, e no resto de municipios, de 350 euros.

A maiores, o Bono de Alugueiro Social tamén prevé a concesión dunha axuda adicional de 600 euros para cubrir os gastos de formalización dun novo contrato de alugueiro ou, no caso de permanecer na mesma vivenda, para atender débedas subsistentes.

Desde a creación no ano 2015 deste programa de carácter autonómico, a Xunta concedeu 1.114 bonos de alugueiro por un importe global de 3.416.150 euros, un balance ao que cómpre engadir as 1.088 prórrogas extraordinarias autorizadas no mesmo período e que supuxeron un desembolso adicional de 2.524.965 euros. O total mobilizado nos últimos cinco anos a través do Bono de Alugueiro Social, por tanto, ascende a 5.941.080 euros.

Bono vítimas violencia de xénero

Cómpre ter en conta que no marco do programa do Bono de Alugueiro Social ordinario, a Xunta convoca tamén desde o ano 2019 unha liña de axudas á vivenda dirixida especificamente ás vítimas de violencia de xénero e os seus fillos menores de 30 anos cando se atopen nunha situación de dependencia económica no momento do



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

falecemento da vítima, así como a mulleres que sufran casos de trata con fins de explotación sexual.

Este colectivo tamén se beneficiará o próximo ano da axuda complementaria coa que a Xunta asumirá o 100% do custo dos seus alugueiros, pero, ao tratarse dun programa específico e financiado con cargo ao Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, deberá tramitarse logo de acordo coa Secretaría Xeral de Igualdade (acordo que prevé asinarse en febreiro) e tras solicitar tamén a correspondente autorización ao Consello da Xunta.

Neste sentido, cómpre subliñar que o ano pasado se concederon un total de 163 axudas complementarias do bono alugueiro para vítimas de violencia de xénero.

Deste xeito, case 700 familias vulnerables (512 beneficiarias do bono ordinario e 163 da liña específica para vítimas) quedaron exentas de pagar o alugueiro grazas ao esforzo realizado polo Goberno autonómico para asumir con estas axudas o 100% das rendas das súas vivendas.



A XUNTA COLABORARÁ CO CONCELLO DE SADA PARA MELLORAR O FUNCIONAMENTO HIDRÁULICO DO RÍO MAIOR E EVITAR INUNDACIÓNS NO NÚCLEO URBANO, CUN INVESTIMENTO CONXUNTO DE 1,57 M€

- *Trátase de realizar un estudo de alternativas coa proposta máis adecuada para actuar no treito final do río, un proxecto construtivo da solución determinada, acometer as obras necesarias e, posteriormente, conservarlas e mantelas*
- *O Executivo galego autoriza a sinatura do convenio polo que a Xunta achegará 500.000 euros a estas actuacións*
- *A intervención será unha primeira medida de cara a minimizar as inundacións na zona das Brañas e a desembocadura do río, declarada como área de risco potencial significativo de inundación*
- *O Goberno segue apostando pola colaboración entre todas as administracións e axentes implicados para estar máis preparados fronte ás inundacións e acadar unha máis rápida e mellor recuperación fronte ás súas posibles consecuencias*

A Xunta colaborará co Concello de Sada na mellora do funcionamento hidráulico do río Maior no núcleo urbano da vila coruñesa, que suporá un investimento conxunto de máis de 1,57 millóns de euros.

O Executivo autonómico autoriza así a sinatura do convenio de cooperación da entidade adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Augas de Galicia, e o Concello, para realizar un estudo de alternativas que determine a proposta máis adecuada para actuar no treito final do río Maior e, a partir das conclusións obtidas neste estudo, realizar un proxecto construtivo da solución determinada, acometer as obras e, posteriormente, conservarlas e mantelas.

Do total da achega, 75.000 euros destinaranse á redacción do proxecto construtivo, cuxo custo asumirá o Concello de Sada. Os 1,5 millóns de euros restantes destinaranse á execución das obras, achegando 500.000 euros Augas de Galicia e 1 millón de euros o Concello de Sada.

Esta actuación contará co cofinanciamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

As actuacións do convenio

No cumprimento do obxecto deste convenio, Augas de Galicia comprométese, ademais, a realizar o estudo de alternativas, contratar a redacción do proxecto da obra de acordo coa proposta seleccionada polo Concello de Sada, así como á súa supervisión e aprobación. Tamén se obriga á contratación, dirección e execución das obras ata completar a súa finalización, e a formalizar os actos de recepción.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Mediante este acordo, o Concello de Sada asume determinar a proposta máis adecuada das resultantes do estudo de alternativas elaborado polo organismo hidráulico da Xunta, a posta á disposición dos terreos necesarios para o inicio das obras e a realización das xestións pertinentes para posibilitar a súa execución; así como a obriga de recibir as obras que non formen parte do dominio público hidráulico, e asumir o seu mantemento e conservación.

Área de risco potencial significativo de inundación, Arpsi

Augas de Galicia redacta e revisa cada seis anos a avaliación preliminar do risco de inundación (EPRI) da demarcación hidrográfica Galicia-Costa, considerándose na actualización correspondente ao segundo ciclo 2021-2027, a zona das Brañas e a desembocadura do río Maior, en Sada, como área de risco potencial significativo de inundación (ARPSI).

O proceso de planificación, unha vez declarada unha zona como área de risco, leva consigo o posterior desenvolvemento de mapas de risco de inundación, para a súa incorporación ao plan de xestión de risco de inundación. Este plan permite, xunto co estudo e a determinación das medidas que se consideren necesarias para tratar de minimizar os riscos de inundación, incrementar a calidade ambiental das contornas fluviais e recuperar a condición dos ríos como hábitats naturais, para a súa execución por cada unha das autoridades competentes.

Independentemente deste proceso, o Concello de Sada presentou un estudo sobre o deficiente funcionamento e insuficiencia de capacidade de desaugamento e os continuos atrancos dos ríos Maior e Fontoria no treito final, no que existen catro ovoides, proponendo substituílos por un marco de sección interior de 4x1,50 metros, similar ao resto de treitos da canle que discorre polo núcleo urbano.

A partir de todo este traballo, realizarase o estudo alternativas para poder decidir a solución óptima e eficaz na redución do risco de inundación da área de risco potencial significativo de inundación de Sada, podendo considerarse esta actuación conxunta como unha primeira medida das que corresponda acometer para minimizar os riscos de inundacións neste concello.

O Goberno segue apostando pola colaboración entre todas as administracións e axentes implicados para estar máis preparados fronte ás inundacións e acadar unha máis rápida e mellor recuperación fronte ás súas posibles consecuencias.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN RIA PARA A HUMANIZACIÓN DA ESTRADA AC-305, NA COMARCA DO BARBANZA

- *As actuacións contarán cun investimento de máis de 212.000 euros, dos que a Xunta achegará 127.000 euros e a Fundación RIA 85.000 euros*
- *O convenio inclúe unha diagnose dos treitos obxecto de intervención, a elaboración de propostas para cada tramo e a execución dos traballos*
- *Os obxectivos das obras son mellorar a mobilidade nesta estrada e optimizar a integración da vía na contorna dos núcleos de poboación que atravesa*
- *O acordo prevé a participación dos concellos no deseño das propostas, incorporando as súas apreciacións, tras as reunións de seguimento necesarias*
- *A Xunta vén colaborando coa Fundación RIA, ente sen ánimo de lucro que traballa no estudo, a planificación e o desenvolvemento produtivo do territorio galego*

O Consello da Xunta autoriza a sinatura do convenio de colaboración coa Fundación Rede de Innovación Arousa (RIA) para a humanización da estrada AC-305, ao seu paso pola comarca do Barbanza.

As actuacións que se van acometer contarán cun investimento de máis de 212.000 euros, dos que a Xunta financia 127.000 euros e a Fundación RIA, ademais de executar os traballos, achega 85.000 euros.

No marco destes traballos, primeiro levarase a cabo unha análise global do ámbito que percorre a estrada AC-305 e a identificación de puntos que precisan de intervención.

Tamén se efectuarán diagnoses específicas e a elaboración de directrices estratéxicas para intervir en cinco ámbitos urbanos que atravesa a estrada AC-305, considerados puntos de conflito.

A continuación, elaboraranse propostas de intervención para cada tramo analizado, atendendo a criterios de mellora da seguridade viaria para condutores e peóns, e de recuperación da identidade urbana dos núcleos de poboación.

O acordo prevé un proceso de participación cos concellos no deseño das propostas, incorporando as súas apreciacións tras as reunións de seguimento necesarias.

A estrada AC-305 é unha vía de titularidade autonómica que percorre a bisbarra do Barbanza entre Padrón e Ribeira, cunha lonxitude de 39,71 quilómetros.

A posta en servizo da autovía do Barbanza permitiu que a estrada autonómica quedase ao servizo dos veciños, con mobilidade local, pero cun deseño de estrada interurbana.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Neste sentido, xorde a oportunidade de humanizar a vía ao seu paso polos núcleos e utilizar a súa plataforma para outra mobilidade non motorizada que cómpre estudar.

A Axencia Galega de Infraestruturas e a Fundación RIA traballarán de xeito conxunto no deseño dunha vía máis segura para os condutores e os peóns, potenciando unha mellor adaptación aos contextos urbanos que percorre.

Esta fundación, sen ánimo de lucro e con proxección pública nacional e internacional, ten por obxecto o estudo, a planificación e o desenvolvemento produtivo, económico e cultural do territorio galego.

A entidade vén desenvolvendo, con fondos propios e colaborando coas diferentes administracións, unha actividade continuada en materia de ordenación do territorio e urbanismo, no que as infraestruturas viarias teñen un papel fundamental.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e este organismo xa colaboraron no desenvolvemento dun estudo para a mellora e a integración da estrada AC-305 na contorna urbana de Palmeira, no concello de Ribeira.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO COA FÁBRICA NACIONAL DE MOEDA E TIMBRE PARA A SUBMINISTRACIÓN DE TARXETAS DE TACÓGRAFO DIXITAL E DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL DOS CONDUTORES

- *O Goberno galego realizará unha achega económica anual de case 285.000 euros para financiar a fabricación e a entrega destes dispositivos no período 2021-2024*
- *A Xunta facilitaralle ao organismo nacional a información que debe conter a memoria das tarxetas respecto das empresas, talleres ou condutores*
- *O obxectivo é ofrecer seguridade e transparencia no sector do transporte, ao impedir que un mesmo condutor teña máis dunha tarxeta de tacógrafo en toda a UE*
- *O certificado de aptitude profesional acredita que un condutor superou un período de formación e os exames correspondentes*

O Consello da Xunta autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre – Real Casa da Moeda para a subministración de tarxetas de tacógrafo dixital e do certificado de aptitude profesional (CAP), de cualificación de condutores, para o período 2021-2024.

A Xunta realizará unha achega económica anual de case 285.000 euros para financiar a fabricación e a entrega destes dispositivos.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, no marco desta colaboración, facilitaralle ao citado organismo nacional a información que debe conter a memoria das tarxetas respecto das empresas, talleres, controladores e condutores afectados.

Este convenio dálle continuidade á liña de colaboración que viñan mantendo a Xunta de Galicia e a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre desde o ano 2005, adaptándoa aos novos requisitos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana puxo á disposición das comunidades autónomas unha aplicación informática, interconectada coa rede da Unión Europea "Tachonet", que centraliza todas as peticións de obtención de tarxetas de tacógrafo en España.

Esta aplicación evita que un mesmo condutor teña máis dunha tarxeta de tacógrafo en toda a Unión Europea e encarga a fabricación personalizada destes dispositivos á Fábrica Nacional de Moeda e Timbre, que é a entidade autorizada en España para esta produción.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Estas tarxetas certifican a disposición dunha formación obrigatoria para desenvolver a profesión de condutor profesional nunha empresa de transporte por estrada, xa sexa de mercadorías ou de viaxeiros.

Para a obtención deste certificado de aptitude profesional (CAP), é preciso superar previamente un período de formación, así como os exames correspondentes.

Estes dispositivos reforzan as garantías de seguridade e transparencia e incrementan a profesionalización e a competitividade no sector do transporte.





O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A RENOVACIÓN DA INTEGRACIÓN DOS SERVIZOS DE RENFE NA ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE FERROL CUN INVESTIMENTO DE 60.000 EUROS NOS VINDEIROS 4 ANOS

- *A Xunta, mediante o convenio aprobado hoxe, achegará anualmente 15.000 euros para garantir aos usuarios as bonificacións nas viaxes en ferrocarril Feve integradas no transporte metropolitano da área ferrolá*
- *Con esta colaboración impúlsase a multimodalidade, combinado os servizos no transporte ferroviario e no autobús metropolitano*
- *Os usuarios da tarxeta metropolitana TMG seguirán beneficiándose das bonificacións nos billetes, os transbordos e os descontos a usuarios recorrentes e familias numerosas*
- *O acordo con Renfe facilitará as viaxes gratuítas aos menores de 21 anos nestes servizos coa tarxeta Xente Nova, que financia integramente a Xunta*
- *O Goberno galego continúa apostando polo fomento do uso do transporte público en detrimento do vehículo particular, o que supón importantes aforros económicos para as familias e vantaxes sociais e ambientais para os cidadáns*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura da renovación da colaboración que dá continuidade á integración dos servizos de Renfe na área de transporte metropolitano de Ferrol, cun investimento da Xunta de 60.000 euros nos vindeiros 4 anos.

O Goberno galego achegará anualmente 15.000 euros para garantir aos usuarios as vantaxes económicas nas viaxes de tren en Feve integradas no transporte metropolitano da área de Ferrol, ao incorporar as previsións de bonificación tarifaria que rexen o novo convenio asinado o pasado día 9 de decembro pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e os 11 concellos integrantes desta.

A Área de Transporte Metropolitano de Ferrol está integrada polos concellos de Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda, Pontedeume, Miño e Valdomiño.

O obxectivo do convenio aprobado hoxe polo executivo autonómico é garantir a continuidade deste plan social en condicións similares ás que se aplican desde a súa posta en marcha en 2011.

Deste xeito, continúaase coa política de descontos nas tarifas aos usuarios que efectúen o pagamento coa Tarxeta de transporte de Galicia (TMG), mantendo a Xunta de Galicia a bonificación do 80% no traxecto principal, e financiando o 100% dos transbordos e os descontos adicionais aos usuarios habituais (15%) e familias numerosas, ata o 50%.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Ademais, o acordo con Renfe facilitará a continuidade das bonificacións das que dispoñen actualmente os menores de 21 anos nestes servizos, nos que poden facer uso da tarifa gratuíta Xente Nova, que lles permite realizar ata 60 viaxes mensuais gratuítas, e que financia directa e integramente a Xunta.

Con esta colaboración entre o Goberno galego e Renfe Viaxeiros impúlsase a multimodalidade, facilitando a combinación dos servizos ferroviarios e de autobús metropolitano. Este novo convenio entrará en vigor o vindeiro día 1 de xaneiro.

O acordo aprobado hoxe segue a reforzar a promoción do transporte público colectivo na área de Ferrol, ao tempo que a Xunta continúa avanzando cara á implantación da Área de Transporte de Galicia, que suporá estender os beneficios das grandes áreas de transporte metropolitano ao conxunto do territorio.

A Área de Transporte de Galicia suporá a activación dunha mesma tarifa en toda a Comunidade, despenalizando os transbordos, incluídos os que impliquen ao autobús urbano das principais cidades galegas cando estas estean adheridas, que serán bonificados ao 100% polo Goberno autonómico.

O executivo galego continúa apostando polo fomento do uso do transporte público en detrimento do vehículo particular, o que supón importantes aforros económicos para as familias e vantaxes sociais e medioambientais para os cidadáns.

A XUNTA IMPULSA A ECONOMÍA SOCIAL CUN MILLÓN DE EUROS CON AXUDAS PARA APOIAR A REDE EUSUMO E O FUNCIONAMENTO DAS ASOCIACIÓNS

- *O programa dirixido á realización de actividades de promoción e fomento da economía social por parte das entidades colaboradoras da rede Eusumo conta cun orzamento de 634.000 euros para beneficiar a preto de 50 entidades con axudas máximas de 190.000 euros por anualidade*
- *Esta rede, posta en marcha polo Goberno galego en 2012, permitiu a creación en Galicia de 188 iniciativas de economía social, que xeraron máis de 630 empregos directos*
- *Emprego e Igualdade destina, doutra banda, 300.000 euros para sufragar os gastos de funcionamento das asociacións de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral*
- *A Administración autonómica investirá en 2021 máis de 33 millóns á economía social, un 22% máis que en 2020, xa que esta fórmula empresarial é un motor de crecemento económico sustentable, que crea traballo de calidade, integrador, centrado nas persoas e asentado no territorio*

A Xunta destinará en dous programas de axudas preto dun millón de euros para seguir impulsando en Galicia a economía social como un motor de crecemento económico sustentable, que crea emprego de calidade, integrador, centrado nas persoas e asentado no territorio. Para o Goberno galego as entidades da economía social teñen un papel decisivo como motor da reactivación económica por formar parte da esencia dos galegos e galegas e por ter demostrado tradicionalmente gran resiliencia ante os cambios.

O Consello da Xunta aprobou hoxe, dunha banda, unha orde de axudas dotada con 634.000 euros para as anualidades 2021 e 2022 co fin de apoiar a rede Eusumo na realización de actividades de promoción e fomento da economía social como son iniciativas de formación e asesoramento, entre outros. Grazas ao labor desta rede, creada pola Administración autonómica en 2012, creáronse en Galicia 188 entidades de economía social, que xeraron máis de 630 empregos directos.

Na actualidade, Eusumo conta con 223 entidades adheridas entre deputacións e concellos, cooperativas, sociedades laborais, confrarías de pescadores, empresas de inserción laboral, centros especiais de emprego, asociacións empresariais, universidades, fundacións e cámaras de comercio. A todos eles van dirixidas estas axudas que teñen como obxectivo fomentar a economía social a través de actividades formativas, divulgativas, de investigación ou de asesoramento.

A Consellería de Emprego e Igualdade estima que se poidan beneficiar destes apoios, que inclúen unha contía máxima de 190.000 euros por anualidade, en torno a 50



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

entidades para a realización de actividades nas que se estima que poidan participar máis de 4.000 persoas. Como novidade nesta convocatoria de axudas, modifícanse os criterios de valoración co fin de promover a presentación de iniciativas innovadoras.

A rede Eusumo leva organizado 1.670 actividades formativas e informativas ás que asistiron máis de 30.000 persoas e asesorou a 1.170 grupos promotores para o impulso de proxectos cooperativos con máis de 3.500 persoas implicadas. O programa de axudas que se aproba hoxe contribúe, polo tanto, a visibilizar e promover a economía social. Ademais, neste eido, está previsto que ao longo de 2021 a Xunta realice outras accións de promoción e visibilización desta fórmula empresarial por valor de 800.000 euros.

Sumar identidade

O Consello da Xunta, doutro lado, aprobou hoxe outro programa de axudas dotado con 300.000 euros para apoiar o funcionamento das asociacións e organizacións máis representativas das entidades de economía social co obxectivo de procurar un axeitado desenvolvemento destas estruturas e favorecer a súa consolidación. Son apoios para financiar, en concreto, os gastos de funcionamento das asociacións de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral co fin de sumar identidade e dar resposta, así, a un dos retos da Estratexia galega de economía social 2019-2021: o apoio ás asociacións e entidades co fin de fortalecer o tecido asociativo da economía social.

As dúas liñas de apoio, que se publicarán no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) nas próximas semanas, forman parte desta planificación do Goberno galego no ámbito da economía social que, ademais do incremento das empresas desta tipoloxía en Galicia, ten como reto prioritario potenciar a presenza feminina nestas entidades.

A Xunta ten previsto destinar en 2021 máis de 33 millóns de euros para a creación e fomento do emprego na economía social, un 22% máis que en 2020. O orzamento inclúe novos programas como unha liña de axudas excepcional para os centros especiais de emprego de iniciativa social e empresas de inserción laboral especialmente afectados pola Covid-19. Tamén se inclúen novos apoios para recuperar empresas que, por motivos económicos ou por falta de relevo xeracional, teñen perspectiva de peche; un programa de aceleradoras de economía social para acompañar os promotores de novos proxectos; un bono consolidación para aquelas empresas xa existentes; ou axudas para difundir entre a poboación a calidade dos produtos e servizos da economía social.

A XUNTA APOIA AS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO CON AXUDAS DE ATA 800 EUROS AO MES PARA QUE GAÑEN INDEPENDENCIA ECONÓMICA

- *O Goberno galego vén de consignar máis de 5 millóns de euros ata 2022 para axudar mensualmente preto de 600 mulleres vítimas de violencia de xénero*
- *Galicia é a única Comunidade que conta cun apoio periódico para que as vítimas poidan adquirir condicións de independencia económica do seu agresor*
- *As axudas oscilan entre os 200 e os 800 euros ao mes durante doce meses en función dos ingresos cos que conte a persoa beneficiaria*
- *Este apoio está a dispor tamén das mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual e para as que perderon os seus fillos ou fillas a mans do agresor*
- *As axudas desta liña poden solicitarse en calquera momento do ano*
- *Desde o ano 2009 a Xunta concedeu axudas periódicas a máis de 4670 mulleres*

A Xunta segue a apoiar as vítimas da violencia de xénero con axudas económicas de carácter mensual que oscilan entre os 200 e os 800 euros e que lles permiten gañar independencia económica dos seus agresores. O Consello vén de aprobar a consignación de máis de 5 millóns de euros -cifra ampliable en función das necesidades- para facer fronte durante 2021 e 2022 a estes pagamentos periódicos. Galicia é a única Comunidade que ofrece estes apoios periódicos ás vítimas da violencia de xénero, por outra banda, fundamentais, para que as mulleres avancen no camiño da súa recuperación.

O Goberno galego aprobou hoxe a convocatoria para 2021 das axudas económicas de carácter periódico de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero. Estas axudas garanten un prazo de solicitude aberto durante todo o ano e teñen como potenciais beneficiarias as mulleres vítimas de violencia de xénero que interromperan toda convivencia co agresor no último ano, ás vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e ás vítimas de violencia vicaria, é dicir, aquelas mulleres que padezan o asasinato dos seus fillos ou fillas a mans do maltratador.

A Xunta tenta garantir as mulleres vítimas da violencia de xénero unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor e, no caso das vítimas de trata co fin de explotación sexual, da persoa que mantivese sobre elas unha relación de dominación. Trátase de que conten con ferramentas para dar o primeiro paso de ruptura cunha situación na que corren perigo.

A convocatoria diríxese a mulleres maiores de idade ou emancipadas que sexan vítimas de violencia de xénero ou vítimas vicarias nunha relación de convivencia ou, no caso de vítimas de trata con fins de explotación sexual, de dependencia respecto da persoa que mantivese sobre ela unha relación de dominación.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Para acceder ás contías mensuais, a convivencia co agresor ten que ter cesado dentro dos 12 meses anteriores á data de presentación da solicitude. Ademais de estaren empadroadas e ter residencia efectiva na Comunidade, as beneficiarias deben acreditar uns ingresos mensuais iguais ou inferiores ao dobre do IPREM vixente e non ter percibido esta axuda con anterioridade, entre outros requisitos.

A axuda consiste nun pagamento mensual destinado directamente á beneficiaria, de carácter periódico, ata o máximo de 12 mensualidades. Esta cantidade vai dos 200 euros aos 800 euros mensuais, en función dos ingresos da beneficiaria, dos fillos ou fillas menores que teña ao seu cargo e doutras circunstancias como a discapacidade.

Entre 2009 e 2020 o Goberno autonómico destinou máis de 32 millóns de euros para o mantemento destes pagamentos mensuais, duplicándose a contía destinada a este fin (pasouse de 1,4 millóns do programa 2009-2010 a máis de cinco da convocatoria 2020-2021) e aumentando número de beneficiarias que nestes anos pasou das 217 atendidas en 2009 ás 609 de 2020. Un total de 4670 mulleres resultaron beneficiarias do programa nestes once anos.

SANIDADE DEDICA PRETO DE 4 MILLÓNS DE EUROS Á REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE ATENCIÓN E PROTECCIÓN DA SAÚDE

- *Este investimento enmárcase dentro da renovación do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, a Consellería de Sanidade e a Federación Galega de Municipios e Provincias*
- *Durante o ano 2019 atendéronse un total de 7.794 persoas, das que arredor do 75% son homes*

O Consello da Xunta vén de autorizar esta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a realización de programas de atención e protección da saúde. Para este convenio, a Consellería de Sanidade destinará un importe total de 3.979.800 euros.

Este convenio está dirixido ao financiamento e desenvolvemento de programas de axudas para unidades asistenciais de drogodependencias (UADs), a través dos concellos que dispoñan delas, atendendo a planificación, criterios, guías, programas e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde no círculo de asistencia sanitaria aos trastornos adictivos en Galicia, publicado en 2011.

Esta planificación permite mellorar a atención aos galegos con trastornos adictivos; garantir un acceso equitativo á asistencia en toda a Comunidade; coordinar de xeito efectivo a atención prestada nos dispositivos de atención ás drogodependencias con servizos de atención primaria e de saúde mental; e establecer unhas directrices comúns para todos os centros galegos en materia de drogodependencias. Durante o pasado ano 2019, este convenio beneficiou a un total de 7.794 persoas, das que arredor do 75% son homes.

A través deste convenio, o Goberno galego garante o mantemento e a consolidación dos sistemas de axuda ao colectivo de persoas que padece trastornos adictivos, facilitando a accesibilidade e seguimento dos tratamentos a través de dispositivos municipais e comarcais. O convenio é unha renovación dos que se veñen asinando coa FEGAMP desde o ano 2014, como entidade colaboradora e representante única de todos os concellos que dispoñen de servizos de atención sanitaria de trastornos adictivos.

O SERGAS INVISTE 3 MILLÓNS DE EUROS NA ADQUISICIÓN DE IMPLANTES COCLEARES

- *Con este orzamento vanse adquirir 150 unidades en dous anos, tres veces máis que no anterior contrato bianual que comprendía 53 unidades*
- *Trátase de dispositivos destinados a restablecer a audición en persoas que padecen sordeira neurosensorial profunda bilateral*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación da subministración de implantes cocleares para a súa colocación a pacientes con sordeira neurosensorial profunda bilateral. O importe total desta compra é de 2.999.700 euros.

O presente contrato terá unha duración de dous anos. Durante este tempo vanse adquirir un total de 150 implantes cocleares, a razón de 19.988 euros cada un, IVE incluído. O contrato anterior tivo un orzamento de 1.059.894 euros, e recollía a compra de 53 implantes cocleares, cun prezo por unidade idéntico ao do contrato que se vén de autorizar hoxe. Estes implantes irán destinados ás tres áreas sanitarias onde se realizan as intervencións para colocalos e que son a da Coruña e Cee, a de Santiago de Compostela e Barbanza, e a de Vigo.

O implante coclear é un produto sanitario de alta tecnoloxía e precisión, encamiñado a restablecer a audición daquelas persoas que padecen unha sordeira causada pola destrución das células ciliadas da cóclea. Isto conségueno estimulando directamente as células ganglionares (nervio auditivo) mediante sinais eléctricos encargados de transmitir a información ao cerebro.

Logo da súa implantación, e tras un período de rehabilitación, os implantes cocleares permítentelles aos pacientes manter unha conversación normal e mesmo utilizar o teléfono. Ou dito doutro xeito, fan posible a súa plena integración na sociedade e permítelles levar unha vida practicamente normal.

A implantación dun destes dispositivos coclear é unha actuación sanitaria cun alto impacto na saúde e benestar social das persoas que teñen a discapacidade auditiva anteriormente descrita. Este beneficio é especialmente significativo cando os pacientes son nenos con hipoacusia grave menores de 5 ou 6 anos, por mor da plasticidade neuronal que teñen a esa idade.

O SERGAS ASINA UN CONVENIO DE PRETO DE SEIS MILLÓNS DE EUROS CO MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN PARA CREAR PLATAFORMAS TECNOLÓXICAS DE MICROBIOLOXÍA

- *O sistema elixido para a adquisición destas solucións tecnolóxicas é a Compra Pública Innovadora, unha ferramenta da Administración pública para mellorar a competitividade do tecido empresarial galego, especialmente das pemes*
- *O desenvolvemento destas plataformas está cofinanciado a través do FEDER*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Ministerio de Ciencia e Innovación (MCIN) para o desenvolvemento dun proxecto para loitar contra a resistencia a antimicrobianos. Conta cun orzamento de 5,7 millóns de euros e está cofinanciado a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

Este proxecto ten como obxectivo a creación de tres plataformas tecnolóxicas que permitan facer fronte a un grave problema de saúde a nivel mundial, que é o das resistencias a antimicrobianos, e evitar a posibilidade de que determinadas infeccións se convertan en incontrolables por este motivo. O sistema elixido para a adquisición destas solucións tecnolóxicas é a Compra Pública Innovadora (CPI), unha ferramenta da Administración Pública para mellorar a competitividade do tecido empresarial galego, especialmente das pemes.

A primeira das plataformas pretende crear unha solución tecnolóxica altamente específica de diagnóstico microbiolóxico rápido, e de probas de sensibilidade, que permitan unha orientación rápida sobre o diagnóstico e a identificación adecuada dos antibióticos, co fin de optimizar a terapia antimicrobiana. Deste xeito conséguese minimizar a aparición e diseminación das resistencias bacterianas.

A segunda plataforma deste proxecto busca o desenvolvemento dunha solución que permita analizar o microbioma humano e o seu impacto na etiología de distintas enfermidades.

O proxecto complétase coa creación dun banco pioneiro de microbioma, perfectamente caracterizado, que permitirá ter rexistradas mostras dos pacientes que estarán á disposición de investigadores e clínicos do Servizo Galego de Saúde.

O desenvolvemento destas plataformas totalmente automatizadas redundarán dun xeito claro e directo na saúde dos cidadáns. Ademais, vai dirixido a deseñar un novo modelo de servizo en microbioloxía de intensidade tecnolóxica alta, que permitirá o uso dos recursos dispoñibles de xeito eficiente.



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O MCIN, a través de fondos FEDER, financia un 80% do custo do proxecto ; en total 4.560.000 euros. O 20% restante, 1.140.000 euros, será achegado polo SERGAS e a Axencia Galega de Innovación (GAIN).



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

A XUNTA DESTINA 7,6 M€ NO 2021 Á POSTA EN MARCHA DA OFICINA AGRARIA MÓBIL E ÁS CAMPAÑAS DE SANEAMENTO E OUTROS CONTROIS SANITARIOS

- *Un vehículo especialmente acondicionado permitirá chegar a administración a zonas afastadas das oficinas agrarias comarcais e facilitará os servizos que precisa un agricultor ou gandeiro, evitándolle desprazamentos*
- *Con estes fondos perséguese, así mesmo, manter a cualificación sanitaria das explotacións gandeiras e reforzar a vixilancia de enfermidades*
- *Galicia está declarada como rexión oficialmente indemne de brucelose ovina, cabrúa e bovina e aspira a acadar no 2021 un status semellante na tuberculose bovina, tras obter esta declaración a provincia de Pontevedra en 2018*
- *O esforzo continuado dos gandeiros galegos e as medidas desenvolvidas pola Xunta fixeron que as explotacións da nosa comunidade presenten un estado sanitario do máis alto nivel*

O Consello da Xunta aprobou hoxe destinar algo máis de 7,6 millóns de euros á posta en marcha da Oficina Agraria Móbil, que permitirá chegar a administración a zonas afastadas das oficinas agrarias comarcais, especialmente naquelas áreas de montaña da comunidade autónoma.

Esta iniciativa facilitará, nun vehículo especialmente acondicionado para o efecto, á realización de todos os servizos e xestións que precisa un agricultor ou gandeiro, evitándolle desprazamentos. Está previsto, ademais, que esta oficina achegue tamén o rexistro da comunidade autónoma galega aos cidadáns, para facer os trámites pertinentes que se realizan normalmente nas oficinas de rexistro da Xunta de Galicia.

Os fondos autorizados hoxe polo Goberno galego destinaranse tamén ás campañas de saneamento gandeiro e demais medidas sanitarias que benefician a este sector e que desenvolve a Consellería do Medio Rural, co obxectivo de manter a boa cualificación sanitaria das explotacións gandeiras da nosa comunidade.

Estes recursos servirán, así mesmo, para sufragar o desenvolvemento de diferentes plans de vixilancia de enfermidades e de medidas de limpeza e desinfección das granxas nas que se detectan animais enfermos e dos vehículos de transporte das reses. Do mesmo xeito, recóllense os labores de apoio aos servizos veterinarios oficiais que sexan necesarios no caso de alertas sanitarias ou en materia de produción e benestar animal. Tamén se inclúen traballos de vixilancia entomolóxica respecto de enfermidades transmitidas por insectos ou actuacións de apoio respecto do control de animais mostrencos (sen dono coñecido).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O desenvolvemento destes programas nacionais de erradicación ten como finalidade asegurar o mantemento do estado sanitario de Galicia, segundo o establecido na normativa estatal e comunitaria, e así poder levar a cabo unha comercialización sen trabas dos produtos de orixe animal.

Ademais, tras a declaración de Galicia como rexión oficialmente indemne de brucelose ovina, cabrúa e bovina, o obxectivo agora é acadar a mesma declaración ao longo do 2021 para a tuberculose bovina, partindo de que a provincia de Pontevedra xa conta con este status desde 2018.

Neste sentido, os gandeiros e gandeiras de Galicia levan anos demostrando unha especial sensibilidade na mellora da sanidade animal. O seu esforzo continuado e as medidas desenvolvidas pola Administración galega fixeron que as explotacións da nosa comunidade presenten un estado sanitario do máis alto nivel, moi superior ao existente noutras rexións do Estado e mesmo noutros países europeos, que revaloriza os produtos alimentarios galegos de orixe animal, á vez que ofrece garantías á poboación e aos consumidores.

A XUNTA ACHEGA 3,7 M€ PARA A PROMOCIÓN EN EUROPA DOS PRODUTOS AGROALIMENTARIOS GALEGOS DE CALIDADE DIFERENCIADA

- *Esta liña de axudas que xestiona a Consellería do Medio Rural está destinada a apoiar as actividades de información e fomento que realizan os distintos consellos reguladores e as asociacións de produtores*
- *O Consello da Xunta deulle o visto e praxe á convocatoria das achegas para que os beneficiarios poidan cobrar pagamentos parciais sen ter que presentar aval bancario ningún*
- *Esta medida intégrase no Plan de reactivación e dinamización impulsado por Medio Rural para facer fronte á crise provocada pola Covid-19 no agro galego e que recolle un investimento total de 165 millóns de euros*

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), dependente da Consellería do Medio Rural, achegará 3,7 millóns de euros para actividades de información e promoción realizadas por grupos de produtores no mercado interior. O orzamento divídese en 2,1 millóns para a anualidade de 2021 e 1,6 millóns para o 2022 e está cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) para Galicia 2014-2020.

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e praxe á convocatoria destas axudas para o exercicio de 2021, así como á exención de garantías para que os beneficiarios poidan cobrar pagamentos parciais sen ter que presentar aval ningún. Unha medida que se vén adoptando en anos anteriores para facilitar o acceso ás subvencións.

Os beneficiarios poden ser calquera agrupación que reúna a produtores amparados por un réxime de calidade. As actividades subvencionables serán todas aquelas que pretendan dar a coñecer un produto cun selo de calidade diferenciada para fomentar o seu consumo. Deste xeito, deberán salientarse as características ou as vantaxes específicas destes alimentos como a súa calidade, os seus métodos específicos de produción ou as estritas normas aplicadas para garantir o benestar dos animais e o respecto do ambiente vinculadas ao programa de calidade de que se trate.

Entre os gastos subvencionables recóllense a organización ou a participación en feiras e exposicións, a publicidade nos medios de comunicación ou en puntos de venda e as actividades de relacións públicas, sempre que se cumpran as indicacións establecidas na orde. Tamén serán obxecto de subvención os estudos de mercado relacionados directamente coas campañas de promoción e os de avaliación do impacto destas accións sobre os consumidores.

Plan de reactivación



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Esta medida aprobada hoxe polo Consello da Xunta intégrase no Plan de reactivación e dinamización impulsado por Medio Rural para facer fronte á crise provocada pola Covid-19 no agro galego e que, en conxunto, recolle un investimento total de 165 millóns de euros. Entre os eixos deste plan salienta precisamente un dirixido de xeito monográfico á promoción, comercialización e internacionalización dos produtos agroalimentarios galegos, todo isto cunha estratexia de diferenciación baseada na calidade e na diversidade das producións.



A XUNTA REFORZA O SEU APOIO ÁS AGRUPACIÓNS DE DEFENSA SANITARIA GANDEIRAS CON NOVAS AXUDAS POR VALOR DE 2,1 MILLÓNS DE EUROS

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe á Consellería do Medio Rural a convocar estas achegas, que se publicarán proximamente no Diario Oficial de Galicia, sen necesidade de que os beneficiarios presenten avais bancarios*
- *Estas entidades desenvolven os programas de prevención e control de determinadas enfermidades animais, que melloran as condicións hixiénicas e de benestar animal das explotacións e contribúen a manter o bo status sanitario da cabana galega*

A Xunta volverá destinar outros 2.150.000 euros o vindeiro ano ás axudas para as agrupacións de defensa sanitaria gandeiras (ADSG). A achega destes fondos, que se mantén constante nos últimos anos, servirá para financiar o traballo que realizan estas entidades para desenvolver os programas facultativos de prevención e control de enfermidades animais.

O Consello do Goberno galego autorizou na súa xuntanza de hoxe á Consellería do Medio Rural a convocar estas axudas, que saíran proximamente no *Diario Oficial de Galicia* e concederanse sen necesidade de que os beneficiarios presenten avais bancarios. Estes programas melloran as condicións hixiénicas das explotacións e de benestar animal, elevan o seu nivel produtivo e sanitario e contribúen a acadar un mellor status sanitario para a cabana gandeira galega. Mediante estas achegas, preténdese estimular a integración de gandeiros nas ADSG, establecendo axudas proporcionais ao esforzo económico que realizan estas entidades nos devanditos programas.

A finalidade última destas axudas é a mellora do status sanitario das explotacións gandeiras galegas mediante a execución de programas zosanitarios comúns para a prevención e control de enfermidades dos animais. Ademais, no marco do mercado actual, resulta fundamental manter o devandito status sanitario, desenvolvendo programas destinados ao control de determinadas doenzas, mellorando a rendibilidade e asegurando a comercialización de animais e dos produtos de orixe animal.

A maiores, no contexto do mantemento do nivel da sanidade animal, resulta determinante consolidar esta estrutura asociativa das ADSG, vinculada aos propios gandeiros galegos, co obxecto de que no futuro teñan capacidade para asumir unha maior participación na execución dos programas oficiais en materia de sanidade animal, baixo a supervisión dos servizos veterinarios oficiais da Xunta.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Os programas de planificación zoosanitaria levados a cabo por estas entidades están dirixidos a mellorar ese estado sanitario e permiten incrementar paulatinamente a rendibilidade das explotacións asociadas, diminuindo as perdas ocasionadas por motivos sanitarios.

Entre as enfermidades con programa sanitario nas AD SG atópanse a Rinotraqueite Infecciosa Bovina (IBR), a Diarrea Vírica Bovina (BVD) ou a paratuberculose no gando bovino; a paratuberculose, no gando ovino e cabrún; a Enfermidade de Aujeszky, no gando porcino; a salmonelose, nas explotacións aviares; ou a mixomatose e a enfermidade vírica hemorráxica, nos coellos. Ademais, estes colectivos facilitan o cumprimento da normativa vixente referente á identificación, ao benestar e á sanidade animal.



A XUNTA DOTA CON 1,2 MILLÓNS DE EUROS O SEGURO SANITARIO QUE ESTARÁ Á DISPOSICIÓN DE TODOS OS VIAXEIROS E PEREGRINOS QUE ELIXAN GALICIA

- *O Goberno galego xestionará o seguro que se fará efectivo para todos os visitantes con residencia fóra de Galicia que se aloxen nun establecemento regrado no noso territorio.*
- *Con coberturas entre os 500 e os 15.000 euros, os beneficiarios e os seus familiares terán cubertos todos os gastos derivados da atención médica, repatriación ou corentena*
- *A medida encádrase no marco das mensaxes de Galicia como destino seguro no que a Xunta traballa desde o comezo da pandemia*

Co obxectivo de contribuír á recuperación da confianza do viaxeiro, continuar apoiando a reactivación do sector turístico galego e impulsar a celebración do Xacobeo 2021 no marco dun destino turístico seguro, o Consello da Xunta informou hoxe de que a dotación inicial e as condicións de contratación para facer efectivo o “seguro coronavirus” que a Xunta porá á disposición de viaxeiros e peregrinos a partir do vindeiro ano. Dotado cun orzamento inicial de 1,2 millóns de euros, o seguro sanitario será de balde para todos os viaxeiros con residencia fóra de Galicia que se aloxen nun establecemento regrado no noso territorio.

Trátase dun seguro complementario que ten como obxectivo cubrir os gastos médicos, cirúrxicos, farmacéuticos e de hospitalización derivados se o beneficiario contrae a Covid-19 en Galicia. O seguro sanitario tamén cubrirá aqueles gastos que poidan producirse pola repatriación sanitaria ou prolongación da estadia por corentena obrigada, incluídos os dos familiares ou acompañantes do viaxeiro, con coberturas que van entre os 500 euros e ata un máximo de 15.000 euros no caso de repatriación sanitaria internacional. O seguro será válido sempre e cando o visitante non tivese contraído a enfermidade antes da súa chegada ao noso territorio ou no caso de que fixese a viaxe cando estea desaconsellado ou prohibido por parte das autoridades sanitarias en orixe.

A póliza, que non requirira mediar solicitude por parte do viaxeiro, completárase, ademais, cun servizo de atención telefónica activo 24 horas ao día, sete días á semana, en galego, castelán e inglés, no que tamén se canalizarán todos os casos reportados como positivos pola Xunta.

Segundo se recolle no informe, o seguro porase en marcha a partir do primeiro trimestre do ano e estará vixente durante todo 2021, con posibilidade de prorrogarse durante máis tempo, en función de que a situación sanitaria así o requirise.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Iniciativa de fomento dun turismo seguro

Coa posta en marcha deste servizo, a Xunta volve situarse na vangarda dos territorios que poñen en marcha medidas proactivas e efectivas coas que afonda na liña de seguir fortalecendo a mensaxe de Galicia como destino seguro, ao tempo que se busca fomentar o turismo nacional e internacional no noso territorio, para a necesaria optimización dos recursos públicos e de prestar a necesaria garantía da saúde dos viaxeiros.





A XUNTA APOIA 63 PROXECTOS DE PEMES GALEGAS QUE MOBILIZARÁN 12,6M€ PARA A FABRICACIÓN DE PRODUTOS E EQUIPOS DE PROTECCIÓN FRONTE Á COVID-19

- *O Goberno galego achegou 7,5M€ a través das dúas liñas de axudas activadas para impulsar a produción na Comunidade de material de prevención e seguridade*
- *Os apoios achegados facilitan a fabricación de distintos equipamentos como máscaras, mamparas, desinfectantes e biocidas, revestimentos e máquinas de pulverización*
- *Nestes momentos Galicia ten capacidade para producir ao día máis de 1,4 millóns de máscaras, 40.000 litros de biocidas, 7000 unidades de batas, 3400 mamparas e 12.000 pantallas*
- *O comité de fabricación integrado por representantes da Vicepresidencia Segunda e as consellerías de Sanidade, Emprego e de Política Social avaliou e aprobou as iniciativas presentadas*
- *A Administración autonómica destina en total preto de 22 millóns de euros a impulsar o desenvolvemento e fabricación en Galicia de produtos e solucións innovadoras para facer fronte á Covid-19 e a apoiar os organismos que traballan nesta liña*

O Goberno galego aprobou, a través do Comité de Fabricación de Equipamento Sanitario e de material para a protección dos traballadores fronte á Covid-19, 63 proxectos de pemes galegas que van mobilizar 12,6 millóns de euros. Como vén de informar o Consello da Xunta, coas iniciativas apoiadas ao abeiro dos programas Investe Covid e os apoios para a reorganización produtiva das pemes galegas, Galicia está a cubrir as necesidades máis urxentes de material de prevención e seguridade.

Así, a comunidade ten nestes momentos unha capacidade de produción diaria de máis de 1,4 millóns de unidades de máscaras e máis de 40.000 litros de biocidas, entre outros produtos como batas (máis de 7.000 unidades diarias); mamparas (máis de 3.400 ao día) ou pantallas (máis de 12.000 ao día). Revestimentos desinfectantes e máquinas pulverizadoras de solución hidroalcohólica son outros dos elementos para a prevención que fabricarán pemes galegas.

Activadas no inicio da pandemia pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través do Igape, estas dúas liñas están a achegar axudas por valor de 7,5 millóns de euros, dos que 5 millóns corresponden ao Investe Covid e 2,5 aos apoios á reorganización produtiva. O obxectivo común dos dous programas foi impulsar a produción e abastecemento en Galicia de equipos de protección, debido á escaseza provocada pola rápida progresión da Covid-19 a nivel mundial, ao mesmo tempo que se promove a reactivación e redefinición das pemes galegas.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Todos os proxectos apoiados foron avaliados e aprobados polo Comité de Fabricación de Equipamento Sanitario e de material para a protección dos traballadores, constituído o pasado mes de marzo e integrado por representantes da Vicepresidencia Económica, e das consellerías de Sanidade, Emprego e Política Social.

No marco do Plan de reactivación económica, ademais destas dúas liñas do Igape, a Xunta destina 14M€ en apoiar a I+D+i nos organismos de investigación galegos na busca de medidas que apoiem a súa actividade e que poidan conter a propagación da enfermidade. Así, entre outras iniciativas, púxose en marcha unha nova liña de axudas da Axencia Galega de Innovación (Gain) por 3 millóns de euros para apoiar proxectos de investigación relacionados coa covid-19, e diferentes convenios de colaboración para promover solucións innovadoras de pemes e universidades galegas transferibles ao sector da saúde, a industria e o comercio, cun investimento público de 0,75 millóns de euros.

En colaboración co Parque Tecnolóxico de Galicia, de San Cibrao das Viñas (Ourense), o Goberno galego tamén ten en marcha a aceleradora Connect-19, especializada na comercialización de solucións fronte ao Covid-19, que permitirá consolidar 20 proxectos de pemes.



A XUNTA DE GALICIA CREARÁ UN EQUIPO COMPOSTO POR MÁIS DE 200 PROFESIONAIS DE ENFERMARÍA PARA COORDINAR A CAMPAÑA DE VACINACIÓN DA COVID

- *Os primeiros en recibir a vacina serán as persoas residentes e os traballadores dos centros sociosanitarios, xunto cos profesionais sanitarios de primeira liña*

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe vén de aprobar o Plan de vacinación do virus SARS-COV-2, presentado pola Consellería de Sanidade. O Plan busca xerar progresivamente a inmunidade de grupo necesaria na poboación galega, de tal xeito que permita superar a crise sanitaria actual.

Para levar a cabo este plan da Xunta de Galicia, a Consellería de Sanidade creará un equipo, composto por 207 profesionais de enfermaría, para coordinar a campaña de vacinación, con dedicación exclusiva.

Este equipo iniciará a campaña coa vacinación comezando polos residentes e profesionais das residencias sociosanitarias e, nun segundo tramo, estenderase aos profesionais sanitarios de primeira liña. Este equipo tamén xestionará a coordinación da vacinación da poboación xeral.

A adscrición a este equipo será voluntaria, entre o persoal de enfermaría con experiencia acreditada en vacinación, e que recibirá unha formación específica para chegar a ser persoal experto na vacina Covid.

Baixo a coordinación do equipo composto por 207 profesionais estarán máis de 2.000 enfermeiras e enfermeiros de Atención Primaria, que vacinarán da Covid aos pacientes das súas cotas. Así, designarase un profesional de enfermaría responsable como referente para un número determinado de cotas. O persoal designado como referente pertencerá ao Equipo de Coordinación.

Así mesmo, preto de 40 efectivos de enfermaría dos servizos de medicina preventiva e unidades de prevención de riscos laborais dedicarase á vacinación do persoal dos centros hospitalarios, onde, ademais, haberá unha persoa de referencia do Equipo de Coordinación asignada a cada área, para supervisar e axudar a este persoal.

Con este plan, iníciase a configuración do equipo de coordinación dos 207 profesionais de enfermaría que comezará a vacinar as persoas residentes nas residencias sociosanitarias e o persoal sanitario, e que, posteriormente, coordinará ao resto do persoal de enfermaría na vacinación da poboación xeral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Comezo da vacinación

Tendo en conta que seran dúas doses por cidadán separadas nun prazo de tempo de 21 días, estímase que este primeiro envío servirá para vacinar máis de 40.000 cidadás, entre os que estarán, 22.000 persoas residentes en residencias sociosanitarias, 17.000 persoas traballadoras das residencias sociosanitarias, e preto de 3.000 traballadores sanitarios de primeira liña.

Así mesmo, garantíranse as condicións axeitadas de almacenamento, transporte, temperatura, rastrexabilidade e seguridade das vacinas Covid.

As doses asignaranse nominalmente para cada cidadán que se vaia vacinar nos puntos de vacinación, ao que serán remitidas desde o punto central por medio dunha rede segura de transporte monitorizada, con seguimento constante telemático de temperatura e de localización. Deberán ser recepcionadas por persoal de enfermaría responsable da vacinación no punto correspondente.

Ademais, procederáse ao seguimento de todo o proceso desde a Dirección Xeral de Saúde Pública, rexistrando os indicadores propios do programa de vacinación, así como desde a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, rexistrando os indicadores de farmacovixilancia, como as posibles reaccións adversas.

A Consellería de Sanidade informará do plan de vacinación os sindicatos da Mesa Sectorial, as xerencias de área e os responsables asistenciais e de enfermaría de cada área, así como os grupos políticos representados no Parlamento de Galicia.

Tamén informará do Plan de vacinación os distintos axentes sociais, como colexios profesionais e sociedades científicas, así como as asociacións de pacientes.

Orzamentos

Os orzamentos para 2021 prevén, no capítulo I do Sergas, un fondo de continxencia Covid para persoal, dotado con 115 millóns de euros, para poder manter os contratos de reforzo e facer fronte ás necesidades que a pandemia require no sistema sanitario.

A creación do Equipo de Coordinación de Vacinación implicará desprazar 207 profesionais de enfermaría dos seus postos habituais para vacinar noutras localizacións como residencias e funcións de coordinación con dedicación exclusiva a este plan. O persoal que permitirá cubrir os seus postos estará dispoñible mediante contratos de emerxencia Covid, grazas á aprobación, a finais de novembro, do pacto que recolle o Plan de continxencia Covid-19 en materia de recursos humanos do Sergas. Este pacto foi aprobado co apoio das organizacións sindicais CCOO, CSIF e SATSE, que representan a maioría da Mesa Sectorial.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

No Plan de continxencia destaca a creación dunha nova modalidade de contrato que se denomina nomeamento eventual por emerxencia sanitaria, co que se dará resposta ás fluctuacións da demanda asistencial e se acadará maior estabilidade no emprego en categorías de persoal vencellado coa pandemia. A súa duración inicial será de seis meses e poderase prorrogar.

